

ADENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ACTUACIÓNS DE MELLORA NO EDIFICIO MUNICIPAL DA COMISARÍA DE POLICÍA DE OURENSE

En Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Jesús Vázquez Abad, alcalde do Concello de Ourense, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 3 de agosto de 2017, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co concello de Ourense un convenio de cooperación para a execución do proxecto denominado actuacións de mellora do edificio municipal da Comisaría de Policía de Ourense.

Segundo. Na cláusula quinta do convenio fíxase o remate do prazo para a execución das actuacións e para o envío da conta xustificativa o 31 de outubro do 2017, e na cláusula décimo cuarta establececese coma prazo de vixencia a mesma data.

Terceiro. O Concello de Ourense interesa unha ampliación destes prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio.

Cuarto. Co fin de estudar a proposta do concello, en data 3 de outubro de 2017 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e un representante do concello de Ourense, e propuxo a formalización dunha adenda ao convenio de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o

concello de Ourense para a execución do proxecto denominado actuacións de mellora do edificio municipal da Comisaria de Policía de Ourense, que recolla:

- A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas quinta e décimo cuarta, ata o día 15 de novembro de 2017. Mantéñense inalteradas as demais condicións do convenio

As partes reunidas **ACORDAN:**

- A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas quinta e décimo cuarta, ata o día 15 de novembro de 2017. Mantéñense inalteradas as demais condicións do convenio

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan en duplicado exemplar o presente documento, para un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza

O alcalde do Concello de Ourense

Alfonso Rueda Valenzuela

Jesús Vázquez Abad